



Abril 2004

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros
Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

O SLG dá o seu apoio ás xentes da produción de horta

Os produtores e produtoras de horta están a sufrir o acoso de Sanidade e das distribuidoras, que lles impoñen cada vez máis esixencias. Ante esta situación de indefensión, o Sindicato Labrego Galego decidiu darlles todo o seu apoio aos labregos e labregas que traballan e viven do sector hortícola en Galiza. **Páx. 6**

■ Muller

Reunión da Secretaría da Muller e o Servizo Galego de Igualdade

A responsábel da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego, Isabel Villalba, e a compañeira Marisol García Freire, mantiveron unha xuntanza coa directora do Servizo Galego de Igualdade para transmitirle as demandas das labregas galegas. **Páx. 11**

■ Suplemento Especial

Congreso Sectorial de Viño en Monforte de Lemos

O Sindicato Labrego Galego celebrará o seu Congreso do Viño, o vindeiro 17 de abril, na casa de cultura de Monforte de Lemos. Neste Fouce editamos o relatorio que se debaterá neste evento. Nel aparecen reflectidas as propostas que fai o SLG para este sector. **Páxs. 7 a 9**



SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

O SLG prepara a loita contra a nova depreciación do leite anunciada pola industria

■ A Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego mantivo a súa primeira xuntanza, a mediados de marzo, e elixiu á súa responsábel, que será Carme Porca.

■ Trataron os decretos sobre a taxa láctea e a trazabilidade do leite, así como a intención da industria de volver baixar os prezos; cuestións ás que se oporá o SLG. **Páx. 5**



Aprazan o xuízo pola brutal represión da tractorada da pataca en febreiro de 2003

O pasado 24 de marzo, case un cento de afiliados e afiliadas ao Sindicato Labrego na comarca da Limia acudiron ao Palacio de Xustiza de Ourense para solidarizarse co compañeiro Xosé Manuel Puga, procesado trala desproporcionada represión policial da tractorada da pataca, en febreiro de

2003. Ao final, o xuízo tivo que agardar, pois a fiscalía esqueceuse de imputar como acusados a catro policías, que foron denunciados polo Sindicato Labrego. Namentres, as promesas que o Partido Popular lle fixera ao sector da pataca antes das eleccións municipais seguen sen cumprirse. **Páxs. 2 e 3**

Día Internacional da Loita Labrega

O 17 de abril celebrábase o Día Internacional da Loita Labrega, unha data que naceu a raíz do asasinato de 19 compañeiros do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil. A conmemoración da

masacre é agora motivo para que millóns de labregos e labregas de todo o mundo ratifiquen demandas e reivindicacións coma o dereito á soberanía alimentaria ou unha reforma agraria xusta. **Páxs. 4 e 10**



Marcha Mundial das Mulleres
Vigo 2004

¿Anímaste a vir?

As mulleres afiliadas ao Sindicato Labrego Galego teñen unha cita en Vigo os días 23 e 24 de maio. Baixo o lema "Por unha Europa de todas: diferentes si, desiguais non", a Cidade Olívica acolle a Marcha Mundial das Mulleres deste ano, un evento que non debes perderte. Dende o SLG poñerémolos doado para que poidas asistir. Infórmate na túa oficina máis cercana.

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Lidia Senra,
María López Leyro, Tareixa
Ledo, Antonio Villarino, Xosé
Pérez Rei, Isabel Vilalba, Silvia
González, Xabier Gómez
Santiso e Celso Milleiro.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif. 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrecán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Local AISS
Tel. 988 321511 / Fax: 988326823
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN
Local da Cámara Agraria, 1º
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif. 982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825

Aprazan o xuízo pola brutal represión da tractorada da pataca no 2003

As promesas do PP de facer un Plan Integral para a Pataca da Limia seguen, a día de hoxe, sen cumprir

O xuízo que se debía celebrar en Ourense para aclarar responsabilidades na brutal represión que a policía fixo da tractorada da pataca do 5 de febreiro de 2003, tivo que aprazarse. O ministerio fiscal esqueceuse de

convocar como imputados aos policías implicados nas agresións e que foron denunciados polo Sindicato Labrego. Como a xustiza, tamén se están a demorar as promesas que o PP lles fixo ás xentes que viven da pataca.

O xuízo tiña que comezar ás 10.30 horas do 24 de marzo, nas dependencias do Palacio de Xustiza de Ourense. Tódalas partes implicadas estiveron presentes, agás os autores directos da violenta represión. En efecto, un lapsus do ministerio fiscal fixo que non fosen chamados como imputados catro axentes da policía directamente implicados na malleira e denunciados polo SLG.

A xuíza encargada do caso viuse obrigada a aprazar o xuízo para que os axentes puidesen declarar. Así as cousas, a xustiza terá que agardar. Os máis optimistas aseguran que será cuestión de días; os que o son menos, cren que haberá que volver agardar varios meses. En calquera caso, esta xornada serviu para demostrar o grande apoio popular que existe por parte dos produtores e produtoras de pataca da Limia de cara á princi-



As persoas que viaxaron a Ourense para dar o seu apoio a Puga ateigaron o Palacio de Xustiza

pal vítima da violencia policial daquela 5 de febreiro negro: o compañeiro Xosé Manuel Puga.

Case un cento de labregos e labregas da Limia acompañaron a Puga na súa comparecencia nos xulgados. A Secretaria Xeral do SLG,

Lidia Senra, agradeceu a presenza da xente en apoio a Puga "por contribuír a defender os intereses dos labregos e labregas e, en concreto, os intereses dun conflito determinado que era o que tiñades naquel momento coa pataca".

Senra engadiu que "é fundamental que nos mobilicemos neste tipo de actos, porque dende o goberno hai un intento moi forte de criminalizar a todas aquelas persoas que nos movemos para defender os nosos lexítimos intereses".

Baltar insulta ás xentes da Limia

As produtoras e produtores de pataca da Limia xa están afeitos ás mentiras dos políticos do Partido Popular, que non dubidan en prometer o ouro e o mouro cando se ven forzados por mobilizacións labregas, sobre todo se acontecen en vésperas de eleccións.

Así sucedeu no 2003, cando se anunciou con moito rebumbio un Plan Integral para a Pataca da Limia, e a execución do tantas veces prometido Plan de Regadío.

Daquelas promesas pouco queda, e ese pouco débemolo á teimosía de organizacións coma o Sindicato Labrego Galego e á dos propios labregos e labregas.

Diante deste panorama, e aproveitando o xuízo pola brutal carga policial, o Sindicato Labrego forzou novas reunións co Instituto do Campo, encargado de xestionar o desenvolvemento das obras prometidas.

Dos encontros mantidos anteriormente non se sacou moito en limpo. O compañeiro Xosé Manuel González Vilas asegurou que "por parte da Consellería, moitos papeis e moitos contos,

pero nada de nada. Da Deputación e do Instituto Ourense de Desenvolvemento (Inorde) tivemos reunións nas que nos dixerón que a palabra do Presidente da Deputación ía quedar por riba de todo; pero tamén a volveron incumprir".

Un plan de regadío incompleto

En canto á reunión mantida entre o SLG e o Instituto do Campo, o pasado 25 de marzo, só serviu para constatar que o famoso Plan de Regadío atópase nunha primeira fase de 2.800 hectáreas, das que se están executando 611. O plan pretende beneficiar a 8.000 hectáreas no ano 2008. Para o SLG, trátase dun proxecto pouco ambicioso xa que, no mellor dos casos e cumpríndose obxectivos e prazos, quedarían fóra 11.500 hectáreas sen regadío.

Nembargantes, o tema que xerou máis polémica foi a negociación das axudas para mercar pataca de semente. Inicialmente, acordárase unha partida orzamentaria de 300.000 euros. A isto acompañaba un plan para pro-

ducir pataca de semente propia que contaría cunha primeira anualidade de 36.000 euros, e dúas posteriores de 54.000 cada unha.

O SLG tivo que amosar a súa máis absoluta oposición á intención do Instituto do Campo de descontar os cartos do plan de produción de pataca de semente da partida destinada a axudar a merca. Nas negociacións, o SLG puxo a cifra de 252.000 euros como tope para rebaixar este orzamento, sempre e cando se destinen os 36.000 euros previstos para o plan de produción de pataca de semente.

Neste contexto habería que citar as desafortunadas declaracións do Presidente da Deputación, Xosé Luís Baltar, que recriminou que se pedisen axudas "cando non hai problemas". Mesmo chegou a dicir que as reivindicacións dos labregos e labregas da Limia estaban sendo "un xogo de pillos". Palabras abraiantes nunha campaña na que o meirande da produción de pataca volveu venderse con contratos á baixa, e na que a pataca de semente incrementou notablemente o seu prezo.

Xosé Manuel Puga, vítima da represión policial nas tractoradas pola pataca da Limia en 2003

“Trataron de criminalizar unha acción reivindicativa totalmente pacífica”

O pasado 24 de marzo adiábase o xuízo no que os tribunais debían dilucidar responsabilidades na brutal represión da tractorada da pataca da Limia. Fouce aproveitou a ocasión para

falar cun dos seus protagonistas e principal vítima da violencia policial: Xosé Manuel Puga. O que fóra secretario de acción sindical do SLG non dubidou en denunciar a crise que

sufriron as liberdades democráticas e sindicais durante o negro período de goberno de Aznar, e amosou a súa desconfianza diante de tantas promesas políticas que nunca se cumpren.

■ **Aínda que o xuízo non se chegou celebrar, a xornada serviu, unha vez máis, para demostrar a unión e a forza da xente da Limia para defender o seu, amais da súa solidariedade.**

É moi importante, nestes momentos nos que se producen xuízos coma este, que a xente estea unida. Neste caso, tócalles aos labregos e labregas produtores de pataca, pero noutro caso pódelle tocar a calquera outro traballador ou colectivo.

■ **A calquera que queira reivindicar os seus dereitos.**

Claro. O que está en xogo aquí xa non é a cuestión individual da denuncia que se presentou, ou da detención practicada sobre a miña persoa; tampouco o intento de criminalizar a tractorada de febreiro do 2003. As que están en cuestión son as liberdades democráticas e o dereito de manifestación, reunión e protesta, cando hai políticas que son lesivas con determinados sectores.

Nestes últimos anos asistimos a unha involución de tódalas liberdades democráticas no Estado. Días coma o de hoxe, no que a xente participou masivamente en solidariedade con estes actos, teñen que valer para facer reflexionar ao novo Goberno sobre a necesidade de activar a vía do diálogo para reconducir todas esas leis que se puxeron en marcha e que son regresivas a nivel democrático.

Cómpre volver articular no Estado Español unhas normativas que permitan o desenvolvemento da democracia *de facto*, e non só na teoría como nos ten acostumados o PP.



Xosé Manuel Puga denunciou ante os medios a involución sufrida polas liberdades democráticas

■ **Todos comprobamos cal é a democracia que defende o PP na brutal represión da tractorada da Limia acontecida o 5 de febreiro de 2003.**

Nese sentido, e con respecto a este xuízo, pola miña

parte e pola do Sindicato Labrego cómpre que haxa tranquilidade coma houbo coa propia tractorada, coa que demos mostras de facer unha mobilización contundente e forte -tres días e máis

de 250 quilómetros- con total normalidade e tranquilidade.

Nós non fomos responsables dos disturbios que se desencadearon aquel día, senón que estaban perfecta-

mente calibrados por parte das forzas de orde público e de quen as mandaba para tratar de criminalizar unha acción reivindicativa totalmente pacífica.

Eu agardo que a xustiza sexa xusta e, en todo caso, se alguén ten que pagar polos disturbios ocasionados aquel día, terán que ser as forzas de orde público ou quen forzou a que actuasen con semellante desmedida.

■ **Daquela, ¿sábase hoxe quen foi o responsábel da violencia?**

O xefe do operativo antidisturbios foi quen ordenou a miña detención. Pero, evidentemente, el recibiu ordes de alguén. Nós o que queremos é que o xefe do operativo identifique a quen lle daba as ordes para que esas persoas, que son responsábeis políticos e non policiais, asuman as actuacións levadas a cabo.

“Hai preocupación porque os custes de produción dispáranse máis cada ano”

■ **Cambiando de tema, Xunta e Deputación prometeran daquela o ouro e o mouro para o sector da pataca da Limia. ¿Cumpríronse as promesas?**

Non. Polo que levo comentado coa xente, hai unha preocupación tremenda porque os custes de produción cada ano dispáranse máis, sobre todo en abonos e pataca de semente. Nembargantes, daquel plan estratéxico con medidas políticas concretas para o sector da pataca que anunciaran con tanto rebumbio só quedou auga de castañas.

Naquel momento estabamos en vésperas dunhas eleccións municipais, e tentaron tapar as súas miserias políticas para agardar a que pasasen os comicios e despois esquecerse de todo. Desgraciadamente, estamos afeitos a esa práctica política do PP en tódolos ámbitos nos que goberna,

dende a Deputación ata a Xunta de Galiza, e antes co Goberno Central.

A verdade é que, despois de tantos anos, a min xa nin me estraña. O problema é que, efectivamente, ano tras ano, os produtores de pataca non saben a que aterse: se sementar máis ou menos, que variedades elixir, como cultivar. En fin, un desastre.

■ **Antes das últimas Eleccións Xerais, os medios de comunicación anunciaron un proxecto de construción dunha fábrica transformadora de pataca na Limia.**

Coincide sempre que, antes dun proceso electoral que ten o PP complicado, hai un anuncio de algo que vai crear riqueza e postos de traballo na comarca. Eu recordo cando sempre lle daban voltas, antes dunhas eleccións, á posibilidade de facer extracción de lignitos na comarca da Limia. Antes

de cada proceso electoral prometían mil postos de traballo porque ían montar unha mina da que xa tiñan as prospeccións e investigacións feitas.

Agora parece que o conto da empresa de lignitos acabóuselles e, xa que o valor fundamental da comarca é a produción de pataca, pretenden vendernos a implantación dunha fábrica para este cultivo. Eu, dende logo, non me creo absolutamente nada, xa que o capital privado non se aventura e vai a sitios onde sabe que existen políticas de apoio ao sector no que quere investir. Nese sentido, non hai máis que ver as actuacións nefastas da Consellería de Política Agroalimentaria no sector da pataca para decatarse que ningún capital privado vai facer un investimento forte na comarca porque sabe que non vai ter o apoio da Administración.

editorial

A prioridade do Sindicato Labrego Galego á hora de transmitirle as demandas dos labregos e labregas de Galiza, será instarlle a que poña en marcha un conxunto de medidas mínimas que poñan fin á dramática desaparición de explotacións que estamos a sufrir.

O día 1 de abril, ao igual que todos os anos, comezará a nova campaña leiteira. Esta campaña 2004 - 2005 estará marcada pola posta en marcha das últimas decisións do Goberno do Partido Popular: o decreto sobre a trazabilidade do leite, máis coñecido como Letra Q; e a regulamentación da supertaxa. Estes decretos prodúcennos unha fonda preocupación, tanto pola insuficiencia de cota láctea que seguen padecendo a maioría das explotacións, como polo tremendo e repentino aumento da burocratización. Por se non fose dabondo, tamén iniciamos a nova campaña coa preocupación pola nova baixada de prezos coa que nos están ameazando as empresas.

Coincide o inicio desta campaña, xa que logo, coa constitución dun novo Goberno Español que, como todas e todos sabemos, vai estar presidido por José Luís Rodríguez Zapatero. Tamén contará este Executivo cunha Ministra de Agricultura galega, Elena Espinosa. Polo de agora, a única valoración que podemos facer é que é unha auténtica desconhecida no mundo agrario.

O señor Zapatero ven de afirmar, despois de ter gañado as eleccións, que "chegoulles a hora aos contratos en precario". Pois ben, neste momento é tarefa prioritaria do Sindicato Labrego Galego facerlle saber a Zapatero e á Ministra Elena Espinosa a situación de pre-

Os labregos e labregas de Galiza ante o novo Goberno

cariedade e inseguridade na que vivimos, día a día, a inmensa maioría dos labregos e labregas de Galiza. Precariedade, por unha banda, porque non sabemos a como imos cobrar os nosos produtos; e ademais inseguridade, debido á falta de dereitos de produción e á inexistencia dunha lei de contratación que regule a compravenda dos nosos produtos e estipule prezos mínimos, e por mor do reparto desigual das axudas públicas.

Esta situación de precariedade viuse agravada no último ano por algunhas decisións tomadas polo goberno do PP, tales como a supresión do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, ou os decretos que regulan a famosa Letra Q e a supertaxa. No Sindicato Labrego Galego pensamos que, co novo goberno, ábrese unha nova etapa na que, se hai vontade política, é posíbel poñer en marcha un conxunto de medidas mínimas que paren o proceso desaparición das explotacións, posibilitando a instalación doutras novas.

Por iso, outra das nosas prioridades é, no momento en que o novo goberno se constitúa, solicitar unha entrevista coa Ministra de Agricultura para que paralice a aplicación dos decretos sobre a Letra Q e a taxa suplementaria, e para que poña en marcha unha serie de medidas que permitan a continuidade das explotacións agrarias e gandeiras que aínda existen hoxe en día e, mesmo, posibilita a instalación doutras novas.

Estas actuacións poderían centrarse no seguinte:

1.- Lei de contratación que regule a compravenda, establecendo prezos mínimos.

2.- Poñer fin ao mercado de dereitos: cota, nutrices, ovellas, plantación de viñado.

3.- No caso do leite, exención da supertaxa para as cotas que non cheguen a un mínimo por persoa activa e, nos outros sectores, atribución dun mínimo de dereitos por persoa activa que, xunto cos prezos, garantan uns ingresos para poder vivir dignamente.

4.- Potenciación das reservas estatais de dereitos para consolidar estes mínimos.

5.- Estudiar medidas especiais para as explotacións que teñan ameazada a súa continuidade polo endebedamento.

6.- Manter o Réxime Especial Agrario da Seguridade Social e calcular a cota a pagar por cada persoa en función da renda real da explotación.

7.- Establecer medidas de discriminación positiva que permitan que as labregas que traballan nas explotacións, non sendo titulares das mesmas, teñan os mesmos dereitos que o titular.

8.- Lexislación que garanta a tolerancia cero para os transxénicos.

A nivel europeo e, dado o fracaso da última reforma da Política Agraria Común nas negociacións da Organización Mundial do Comercio de setembro do 2003 en Cancún, a Ministra de Agricultura debería facer presión para conseguir unha nova Política Agraria en Europa que beneficie aos labregos e labregas e ao conxunto da cidadanía.

O 17 de abril de 2004 cumpríranse oito anos dende a matanza acontecida na localidade brasileira de Eldorado dos Carajas. Naquela tráxica xornada morrían asasinados dezanove compañeiros do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil que, coma nós, as xentes do Sindicato Labrego, forma parte da Vía Campesina. O seu crime consistiu en demandar pacificamente terras para poder traballalas. O son das balas e o berro dos seus irmáns foi o último que escoitaron os seus oídos.

Ese día, xa que logo, quedou escrito con letras de chumbo e sangue nas páxinas negras da historia. Depende da nosa memoria, do recordo dos millóns de labregos e labregas do mundo que damos de comer co noso traballo a toda a humanidade, que a barbarie non fiquen varrida polo esquecemento.

Foi esa a razón pola que o 17 de abril quedou fixado como data para celebrar o Día Internacional da Loita Labrega. Un día, xa que logo, para facer memoria; pero, ademais, un día para ter presentes as nosas demandas, para labrarmos o futuro.

A pesares da importancia do noso rol, o meirande dos gobernos do mundo déixanse levar polo manda-

17 de abril: unha xornada para a loita por Xosé García

do da Organización Mundial do Comercio, do Banco Mundial, das grandes transnacionais. E xunto a ese deixarse levar vai tamén o peche de explotacións agrarias por millóns en todo o planeta, a usurpación de terras a labregos e labregas, a ruína de milleiros de familias do medio rural e o seu triste exodo ás cidades, as agresións contra a saúde humana e contra o medio ambiente que perpetra unha agricultura industrial que só se persigue o máximo beneficio a calquera prezo.

Por todo isto, o 17 de abril non só non perdeu a súa total vixencia, senón que é máis actual e necesario


que nunca. Así o entende o Sindicato Labrego Galego. Esa é a razón pola que, un ano máis, o SLG participará nesa vaga global na que organizacións de todo o mundo realizarán multitude de accións para refrescarlle a memoria aos políticos e lembrarllas que a nosa loita segue viva e que cada vez somos máis e con maior forza.

Será ao redor do vindeiro 17 de abril cando o SLG reúna a diversos colectivos da Galiza relacionados coa defensa do medio ambiente, dos traballadores ou do consumo responsable, para tentar ex-

presar de cara á sociedade galega o significado deste día. Será un encontro que servirá para intercambiar opinións, experiencias en materia de seguridade alimentaria ou ecoloxía, e para analizar como está a afectar a globalización á nosa agricultura.

A crítica á desafortunada Política Agraria Común e a reivindicación da súa reforma con vistas a satisfacer os intereses labregos e cidadáns será un dos eixes fundamentais do encontro.

Non hai mellor xeito de honrar a memoria daqueles que se sacrificaron polo ben común que manter en pé as nosas demandas, de ocupar o seu posto para traballar ata que chegue ese día no que os nosos dereitos como labregos e labregas, como cidadáns e cidadás, estean plenamente recoñecidos e sexan escrupulosamente respectados por aqueles que nos gobernan. Ata ese día, o 17 de abril seguirá sendo unha xornada para a loita.



O SLG rexeita de plano a baixada de prezos que pretende a industria láctea

A Dirección do Leite do sindicato elixiu á súa responsábel e abordou as novas normativas que regulan o sector

O leite está volvendo a ocupar un lugar central na actualidade da ganadería galega por mor das novas normativas que regularán a taxa láctea e a trazabilidade do produto, e pola in-

tención da industria de volver atacar co que máis lles doe aos gandeiros e gandeiras que viven honradamente do seu traballo: cunha nova baixada de prezos. Así as cousas, a nova directiva

de vacún de leite do Sindicato Labrego Galego, elixida o pasado mes de febreiro nun congreso sectorial, comezou a traballar cunha axenda ben repleta de traballo.

A nova directiva do leite do Sindicato Labrego Galego reuniuse, por primeira vez, o 16 de marzo en Teixeira para valorar as novidades que están acontecendo no sector lácteo. Tamén serviu esta xuntanza para elixir á responsábel sindical do sector, que será Carme Porca Vidal, da que se inclúe unha entrevista na contraportada deste Fouce.

Evidentemente, os temas que centraron o encontro foron o do novo decreto da taxa láctea, as normas sobre identificación e rexistro, e a ameaza da industria de baixar de novo os prezos do leite.

Respecto ao decreto da taxa láctea, a nova directiva chegou á conclusión de que con el se introduce un novo imposto, xa que obriga a pagar taxa por leite non excedido de cota -o que non ten orixe acreditada, o non declarado, e o vendido a compradores non autorizados-. Dado que o resto de explotacións europeas non van ter esta carga, supón



A nova Dirección do Leite do SLG terá que enfrontarse a unha etapa decisiva para o sector

un novo elemento de discriminación para as explotacións galegas.

Este decreto tamén xerará problemas ás cooperativas que fan transformación e comercialización de xeito simultáneo, xa que limita ao 20% o volume de vendas das comercializadoras transformadoras.

Pero, por riba do anterior, o aspecto máis negativo deste decreto é que se con-

sidera como axente a todo o mundo, polo que tódalas persoas ou empresas implicadas no sector lácteo van ser tratadas por igual. Aínda que isto suporá a desaparición de moitos especuladores, tamén se levará por diante a moitas explotacións. Dende logo, é inxusto que se trate do mesmo xeito a unha explotación que teña 100.000 quilos de cota e se excede 30.000, que a outra

que ten 600.000 quilos de cota e se excede 200.000. ou que a unha que non teña cota ou un comprador que non pode xustificar onde mercou o leite.

A dirección do leite do SLG avogou por esixir unha diferenciación entre axentes que evite que a normativa se converta nunha arma para pechar máis explotacións.

Outra das medidas que defenderá o Sindicato Labrego é que a aquelas explotacións que producen máis do que teñen asignado porque lles resulta imprescindible para sobrevivir -sexa para obter unha renda digna, sexa para pagar as súas débedas- obteñan un tratamento como casos especiais.

En canto ao tema da trazabilidade, os membros da directiva coincidiron en que se acaba de impoñer unha burocracia complicada que pode "colocar fóra de xogo" a moitas explotacións.

Para a Dirección do Leite do SLG, isto non serve de nada se non se regula a trazabilidade a partir dos centros de transformación, cousa que este decreto non contempla.

O prezo do leite non pode baixar dos 33 céntimos por litro

O SLG denunciou, en marzo, que a crise que as explotacións leiteiras galegas están a atravesar a crise máis fonda da súa historia.

En cuestión de prezos, sufriron unha constante baixada nos últimos dous anos e medio, o que obrigou a vender o leite cunha rebaixa de entre 0,04 e 0,07 euros (7 e 10 pesetas) con respecto ao ano 2001. As contas das explotacións padeceron, ao mesmo tempo, un incremento dos custos de produción do 25%. A marxe de beneficio que a actividade leiteira está a xerar nestas condicións é próxima ao cero e, nalgúns casos, debido ao forte endebedamento, negativa.

Dende o SLG sospeitamos que a industria, coa baixada de prezos, só quere apoderarse ilexítimamente das axudas de compensación ao prezo do leite da Axenda 2000, que se empezarán a conceder este ano.

Esta actitude é totalmente contraria á supervivencia das explotacións lácteas, totalmente inadmisíbel dentro da economía de libre mercado, e só posíbel coa complicidade da Administración.

O SLG considera que a única saída estable á crise debería comezar por establecer un prezo mínimo para que o leite non baixe de 0,33 euros por litro en orixe; e por eliminar esta política de abusos que prexudica gravemente ao sector produtor e á cidadanía, tanto nos prezos como na calidade.

Máis burocracia para o leite

Durante o mes de marzo, o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) enviou aos titulares das explotacións lácteas galegas unha carta con diversa documentación para que se adapten á nova normativa sobre trazabilidade do leite, que consiste na identificación e rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo.

Cada produtor ou productora que reciba esa carta, terá un prazo de dez días para entregar a solicitude que se lle adxunta na súa oficina de Extensión Agraria, corrixiada e cos datos do tanque de frío. No mesmo intre que entreguen dita solicitude, deberán recoller o libro de rexistro.

Aínda que o FOGGA terá ata o 31 de maio para facer as identificacións, os produtores e productoras de leite deberán comezar co proceso de identificación

dende o 1 de abril. Os datos que aínda falten por cubrir no libro, como por exemplo o código da cisterna recollidora, cubriranse cando estes elementos teñan a súa identificación feita.

Dende o Sindicato Labrego Galego, aconséllase que os gandeiros e gandeiras comproben se os datos que lles viñeron por correo son correctos. En caso de erros, deberán corrixi-los na parte dereita da solicitude. Tamén hai que cubrir os datos do tanque no fondo da páxina.

Dende o 1 de abril, o persoal de recollida daralle ao gandeiro ou gandeira un recibo que deberá gardarse durante tres anos; ademais, nas explotacións teranse que copiar os datos no libro de rexistro, facendo constar se recolleron mostras ou non e, en caso afirmativo, cubrir incluír os resultados das mostras cando lle cheguen.

O SLG apoia ao sector hortícola na comercialización fronte á industria

Nos últimos tempos, labregos e labregas estanse vendo acosados polas novas esixencias dos maioristas

Hai unhas semanas, producíronse queixas de afiliados e afiliadas do SLG nas bisbarras de Bergantiños e As Mariñas. A razón do seu malestar é que os maioristas cos que traballan lles esixían o número de rexistro sanitario

Ao mesmo tempo, producíronse tamén inspeccións de Sanidade nos mercados de A Coruña, provocando a alarma tanto nos maioristas, como nos labregos e labregas.

Ante estes feitos, a resposta dende o SLG foi informar, por unha banda, da lexislación existente neste ámbito: como legalizar un local para envasado, etcétera; amais de prestar o apoio para que se podan tomar todas as medidas necesarias para solucionar os problemas puntuais que podan ter os labregos e labregas para vender os seus produtos hortícolas. Por outro lado, o SLG realizou xunto ao sector unha análise conxunta da situación que permita tomar decisión al longo prazo no eido da comercialización.



A lexislación é clara no aspecto de que os produtos que cheguen ao consumidor deben levar unha identificación consistente nos números de rexistro sanitario e de rexistro de industrias agrarias. O que non di a lexislación é que sexan os labregos e labregas quen teñan que correr cos gastos que implica que un produto teña esa identificación.

Se a ningún dos sectores

rio para poder vender os seus produtos e, mesmo por parte dalgunha distribuidora, chegóuselles a esixir un tipo específico de envase. Diante disto, o Sindicato Labrego ofrece o seu máximo apoio ás persoas afectadas

implicados lle interesa contar cunhas infraestruturas para envasado, será ao final unha cuestión de forza. E aí, de momento, o sector productivo leva as de perder.

Existe unha desproporción tal de forzas entre os labregos e labregas, por unha banda; e as empresas maioristas e distribuidoras por outra; que o diálogo, reivindicacións, ou unha certa autonomía por parte dos pro-

ductores que venden, son sinxelamente imposíbeis. Isto é tan claro que xa fai moito tempo que non se discute que é o sector da distribución quen marca o prezo dos produtos.

Cómpre, urxentemente, que o sector produtor de horta se una e organice diante deste e de calquera outro tema que afecte ao seu futuro. Trátase de que acade a suficiente forza para facerse oír, e que logre os suficientes recursos para levar a cabo iniciativas propias.

Traballando en conxunto, os produtores e produtoras teñen máis capacidade de mellora da súa produción, comercialización e, en definitiva, da súa calidade de vida como labregos e labregas. Pola contra, por separado terán que seguir bailando ao ritmo que outros marquen.

Colaboración coas iniciativas labregas do sector hortícola

En diversas comarcas xa existen planos de desenvolvemento rural que teñen como eixe fundamental este tipo de iniciativas e que poñen á disposición dos labregos e labregas cartos e medios para tentar mellorar a rendibilidade das explotacións. Sería bo comezar con proxectos e ideas que poidan ser financiados polas diversas administracións públicas. Dentro destes programas, existe a idea de potenciar produtos propios, diferenciados e de calidade; e o sector da horta no pode ficar fóra desta liña.

O SLG ofrécese a prestar todo o apoio e información da que dispón, sempre que se trate de iniciativas propias de labregos e labregas, que sexan autónomas, que non estean ao servizo das distribuidoras, que axuden á mellora da calidade de vida do sector produtor, e que se adapten aos novos tempos sen renunciar ás nosas particularidades nin á nosa identidade.

O SLG reafírmase no rexeitamento á supresión do mercado de Amio

O Sindicato Labrego tivo que manifestar de novo a súa preocupación diante das intencións do Alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, de trasladar o mercado gandeiro de Amio a Silleda, segundo reflectiron varios medios de comunicación, para utilizar as naves na realización de diversos eventos feirais.

O SLG avoga por unha saída equilibrada diante das necesidades do Concello, e que satisfagan a tódolos sectores implicados. A supresión do mercado gandeiro de Amio suporía un grave lastre para as explotacións agropecuarias que dependen da bisbarra de Compostela.

O mercado de gando de Amio é a opción de venda de moitas explotacións galegas, en moitos casos

debido á proximidade xeográfica, na medida en que Santiago de Compostela é o centro dunha ampla comarca agrogandeira na que se poden incluír as comarcas de Ordes, Arzúa, Xallas, A Barcala, Sar, Barbanza, Noia e Muros. Tamén é o mercado mais próximo para as explotacións das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, por non incluír nesta relación á práctica totalidade das comarcas de Coruña parte das de Lugo.

Neste mesmo sentido, o propio Concello debe ter en conta que ten un censo gandeiro bastante nutrido. De acordo cos datos da campaña de saneamento do ano 2002, Compostela ten 803 explotacións con 7.978 vacas adultas, 3.146 xovencas,

e 4.800 animais de cebo ou becerros, que normalmente se venden en Amio, do mesmo xeito que as vacas de desvelle. Temos, polo tanto, 15.924 cabezas de gando censadas, realidade que non debe ser desprezada por parte do Alcalde.

A ninguén se lle escapa que a celebración semanal do mercado de gando supón un movemento económico importante para diversos sectores non relacionados coa gandería, pero que se ven beneficiados igualmente.

Por último, a feira de gando de Compostela é tan antiga como a propia existencia da cidade, e sería un fracaso histórico dos nosos gobernantes que esta cidade acabara perdendo este sinal da súa identidade.

A Lei de Montes de Galiza usurpa o man común aos seus lexítimos donos

A Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM) denunciou a intención da Xunta, a través da Lei de Montes que está a redactar a Consellería de Medio Ambiente, de privatizar a xestión dos montes de man común galegos e "roubárllelos" aos seus lexítimos donos.


ORGACMM, que mantén un convenio de colaboración co SLG, afirmou nun comunicado que a nova Lei de Montes prevé a creación dun Organismo Autónomo de Montes de Galiza, que tería plena autonomía para xestionar o que chama "xestión dos montes de xestión pública".

A Lei de Montes pretende que sexa este organismo autónomo quen se encargue da elaboración dos plans de xestión, proxectos

de ordenación, plans básicos de xestión, celebración de contratos e explotación das obras e servizos nos montes de man común.

Por se fose pouco, á Xunta non lle chega con esta usurpación da xestión dos montes veciñais; senón que, ademais, aos ingresos os comuneiños obteñen pola explotación dun monte haberá que restarlle un 25% para o Imposto de Sociedades, outro 25% para financiar ao Organismo Autónomo Montes de Galiza, as taxas pola xestión, e o canon por instalacións. ORGACMM non dubida en cualificar isto coma "un verdadeiro roubo".

A Organización Galega de Comunidades de Montes fixo un chamamento á unión para defenderse "desta agresión da Administración Forestal Galega".



Congreso do Viño

Sindicato Labrego Galego

Monforte de Lemos, 17 de abril de 2004

Relatorio

1. Antecedentes: Trazos e organización do sector desde o Estatuto da Viña á nova Lei do Viño

Dende aquel Estatuto de 1970 da "Viña, vino e alcoholes" do Xeneral Franco ata os nosos días, moitas vendimas pasaron e moitos episodios de crise e cambio atinxiron aos nosos viñedos e adegas. Mais con todo, faremos o seguinte resumo:

■ A lenta madurez do sector

Ata hai ben entrados os anos oitenta, o sector do viño ocupaba un piar fundamental na economía e cultura no conxunto da país, xa que tanto en aldeas, como en vilas e cidades, era preciso fornecer unha importante demanda do produto; o viño era unha necesidade alimentaria máis, alén doutras consideracións. O forte consumo de viño consolidaba un denso tecido de axentes que ían dende os colleiteiros e labregos de autoconsumo; pasando por almacenistas, transportistas e arrieiros; ata os pipos das tabernas, ultramarinos, e calquera casa labrega que se prezase. Mesmo podíamos considerar que, despois da gandería, o viño resultaba a outra orientación especializada do noso agro.

A produción vitícola estaba espallada por amplas zonas do país, máis alá das zonas máis tradicionais (Vales do Miño e Sil, Verín, Betanzos, Ulla, Cambados, Condado, etcétera) aínda que en moitos casos en condicións de sometemento e aldraxe, como moitas historias do Ribeiro poderían testemuñar.

O problema do *matute* xa era unha vella teima que amargaba o esforzo de duras campañas e que, nin o funcionamento do primeiro Consello Regulador na Galiza que foi o Ribeiro, nin o Estatuto da Viña, puideron paliar. Os anos 60 e 70 coutaron as posibilidades de consolidar unha vitivinicultura labrega que evitase a submisión aos almacenistas matuteiros. Só

na venda a través de circuitos informais e no cooperativismo persistían as vías de supervivencia do sector.

A cultura do viño foi atrapada polas tácticas dos almacenistas que, en xeral, non tiñan interese por desenvolver a vitivinicultura como se fixo en moitas zonas europeas e do Estado. A explotación labrega sempre vendía viño, e ese tiña que ser o camiño, aínda que seguindo os cambios lóxicos no comportamento de consumidores e mercados. Ou sexa, que a saída lóxica do labrego era ser un colleiteiro ou un cooperativista, nin mais nin menos.

■ As falsas saídas

Dende os anos 80, certo sindicalismo agrario de forte implantación no viño -referímonos a UUAA- propuña equipar a consideración dos labregos a meros viticultores subministradores de materia prima ás adegas e almacéns que non tiñan viñas, polo que so habería que garantir unhas condicións de venda, tal e como ocorreu co leite e a carne.

Esta estratexia provocou consecuencias funestas que aínda se están a pagar, coma o abandono das cubas nun momento de nulo apoio por parte do Estado, ou a capitalización das explotacións e o cooperativismo. Así as cousas, quedaban poucas oportunidades de evolución no sector, agás continuar nos circuitos informais que xa estaban minguando. Evidentemente, as adegas e almacéns, fortemente entrabados no caciquismo paternalista da dereita, tiñan sempre os ases na man.

A pesares de numerosos conflitos nos que participaron as Comisións Labregas e, despois, o Sindicato Labrego Galego, non foi posíbel virar a acelerada desaparición de explotacións que non deixaron alternativa ao éxodo rural, sobre todo en amplas zonas de interior do sur da Galiza. O abandono de viñedos en zonas de boa aptitude para a calidade non foi paliada por ningunha das instancias administrativas competentes, que se limitaban a aplicar as novas normativas emanadas do Estatuto. O non moi distante episodio das Adegas Arnoia puña a puntilla á falsa idea

de que sería viábel vender uvas para que outros fixeran viño.

■ Os anos 90

Do anteriormente exposto, resultou que foron saíndo iniciativas que abriron novas perspectivas, a pesares de termos un sector envellecido, pouco autoorganizado, e entrampado nos monopolios dos almacenistas que zugaban a suor dos labregos e emporcallaron a fama dos nosos caldos. A entrada na Comunidade Económica Europea (CEE), que impuña a filosofía da limitación da produción como no leite e na carne, favoreceu unha maior penetración das producións foráneas nun contexto de diminución forte do consumo que se sumaba á mingua dos circuitos informais que se tiñan que someter a unha crecente burocratización fiscalizadora.

Precisamente, nos anos 90 consolidase certo sector cooperativista (Rías Baixas, Monterrei, Valdeorras e Ribeiro) e rexurde a figura do colleiteiro que planta viña e vende viño embotellado. De todos xeitos, a maioría dos viticultores atravesan ciclos de alzas e caídas de prezos na uva ou no viño a granel segundo a escaseza ou abundancia de subministro aos almacenistas. As experiencias do contrato homologado que apoiou o Sindicato Labrego Galego no Ribeiro e Valdeorras favoreceron unha certa estabilidade temporal nos prezos que non tivo continuidade por falta de apoio da Administración.

Os cambios no patrón de consumo obrigaban a acometer reestruturacións varietais (castes autóctonas por Jerez, Alicante, Híbrido, etcétera) e investimentos nas pequenas adegas labregas como se estaban acometendo noutras zonas do Estado. Habería que esperar ata o ano 2000 para ter fondos suficientemente motivadores. A creación de novas denominacións de orixe como Ribeira Sacra e Monterrei non paliou os graves problemas de regresión demográfica, no primeiro caso, e de viabilidade comercial, no segundo.

Nesta tesitura crítica, que coincide con

episodios como o caso Arnoia, a Xunta de Galiza decide aplicar o lema de que a mellor política vitivinícola é a que non existe, ata deixar no caixón durmindo a sesta do esquecemento o famoso plan vitivinícola do 89. Inexistencia práctica de axudas aos produtores -a cousa cambiaba para os almacenistas-, trabas burocráticas para a venda do viño, criminalización da elaboración e venda de augardente e licores, describen unha sensación de fonda crise e impotencia ante a perda de mercados e empeoramento dos prezos.

O caso exitoso de Rías Baixas, que en pouco tempo consolida unha imaxe de prestixio e sona baseándose nunha materia prima autóctona, demostra que sen fortes investimentos coordinadas na viña e na adega non é posíbel progresar. Así as cousas, a entrada de capital privado favoreceu neste caso a empresas afastadas da estratexia dos almacenistas en detrimento da capitalización dos produtores e produtoras minifundistas, agás a creación de cooperativas.

A ineficacia da administración nos anos 90 pódese concretar nas seguintes liñas:

- ✓ Abandono do plan do 89.
- ✓ Falta de apoio á reestructuración.
- ✓ Pouco apoio ás cooperativas e aos colleiteiros.
- ✓ Falta de política de promoción e comercialización.
- ✓ Práctica inexistencia de concentración parcelaria en zonas de viñedo.
- ✓ Creación tardía e sen recursos da EVEGA.
- ✓ Realización incompleta e defectuosa do Rexistro Comunitario.
- ✓ Perda de dereitos históricos de produción.
- ✓ Dirixismo e falta de democracia nos consellos reguladores.
- alndolencia negligente ante o fenómeno do matute.
- ✓ Abandono do sector do augardente artesanal.
- alnexistencia de redes fitopatolóxicas de aviso.
- ✓ Nula defensa dos contratos homologados (como foi o caso do Ribeiro e Valdeorras).

2. Aplicación e consecuencias da actual Organización Común de Mercado (OCM) do Viño en Galiza

É importante salientar o contexto de entrada na Comunidade Económica Europea, que tamén introduciu unha política decidida desde parámetros totalmente alleos á nosa realidade vitivinícola. Certamente, sufrimos tódolos aspectos relacionados coa limitación de produción -sen ser Galiza nunca deficitaria, máis ben todo o contrario- e non recibir ningún dos beneficios que se deron a outras zonas do Estado a través do réxime de destilacións de boca e de crise.

Sendo, por tanto, deficitarios na relación entre oferta e demanda interior, non houbo ningunha intervención do Estado en favor do sector cando houbo cam-

pañas con baixos prezos que non fosen os apaños caciquís de subvencionar aos almacéns para comprar uva. O mantemento de prezos nas rexións sometidas a réxime de destilación de boca e crise favoreceu a entrada de viños foráneos a prezos de claro dumping encuberto que a industria soubo aproveitar para deteriorar o poder de negociación dos viticultores. Temos como claro exemplo a ausencia de apoios públicos ás experiencias de contratos homologados no Ribeiro e Monterrei.

Tanto o Ministerio de Agricultura, como as sucesivas Consellerías de Agricultura ou Política Agroalimentaria, non fixeron ningún aceno en favor do sector galego onde mesmo fracasaron con estrépito as axudas para o abandono de viñas. Tampouco se deseñou un plan para recuperar viñedos abandonados desde os anos 50, co pretexto do principio uniformador da aplicación da OCM do viño. Pola contra, outras comunidades do Estado si fixeron causa común para defender os dereitos históricos e solicitar as destilacións de crise pertinentes.

A elaboración do último rexistro comunitario, que aínda non consta que fose publicitado ante as autoridades europeas, foi realizado sen as debidas consideracións da estrutura de propiedade e parcelamento do país, como case sempre. Os traballos baseados en cartografía catastral obsoleta e sen contraste en campo foron realizados por unha empresa foránea e sen o debido acompañamento da administración, polo unha vez máis esta oportunidade non se aproveitou para recuperar os dereitos de produción histórica.

En ausencia dun marco regulador propio, como a existencia dunha reserva nacional de dereitos, o proceso de deslocalización vitícola interno na Galiza segue avanzando ao amparo do tráfico de dereitos de produción en convivencia con funcionarios das administracións agrarias -estatais e autonómicas- que está enterando as posibilidades de desenvolvemento do potencial en determinadas zonas do país como Monterrei, Bibei, Alto Navia, Ulla, etcétera.

3. O papel dos consellos reguladores

Resulta paradoxal o papel central que teñen os consellos reguladores na regulación e articulación do sector vitivinícola cando o 80% da produción vitícola galega esta fora do amparo das denominacións de orixe (D.O.). Isto provoca unha distorsión de principio na consideración do sector.

Desde que fora creada nos anos 60 a D.O. do Ribeiro, a práctica sistemática das administracións agrarias -tanto do Estado como da Xunta- foi a de substituír a inexistente planificación política vitivinícola polo dirixismo encuberto dos consellos reguladores. Este papel central dado a estes organismos permitiu a continuidade de marcos predemocráticos, coma no caso de Valdeorras e do Ribeiro, nos que sempre dominou a definición presidencialista en detrimento da participación do sector.

Sometidos dende o inicio polas políticas centralizadoras emanadas do Estado, os

consellos reguladores non consideraban a existencia propia do sector, dando un poder excesivo aos grandes almacéns e adegas en detrimento da inmensa presenza dos colleiteiros que, pola aplicación esaxerada da normativa de industrias agrarias, só podían ser considerados inxustamente como simples viticultores. O recoñecemento da figura do colleiteiro foi, precisamente, unha das bandeiras de loita do Sindicato Labrego Galego, acadando éxitos de xeito parcial a través dun apaño no Ribeiro.

A creación de novas denominacións de orixe, coma o caso de Ribeira Sacra ou Monterrei, non mudou o patrón de comportamento dos consellos e a súa vinculación predemocrática co sector e a Administración, dando un papel dominante á figura do presidente sobre o conxunto do sector. A definición dos consellos reguladores como órganos autónomos dependentes da Xunta marca unha constante inmadurez das políticas da Xunta á hora de considerar un marco normativo propio para o sector. Nin que dicir ten que, nos conflitos intersectoriais, o comportamento dos consellos reguladores foi, no meirande dos casos, en favor dos intereses políticos e económicos da industria.

Os procesos electorais para a renovación dos integrantes dos plenos dos consellos reguladores, nos que sempre participou o Sindicato Labrego Galego, estaban viciados pola distorsionada consideración do propio sector e o monopolio da Administración para designar o presidente e vicepresidente. Dende o SLG non podemos máis que denunciar a propia lexitimidade dos propios consellos reguladores, e deberá abrirse un período de reflexión e debate en torno ao papel das organizacións agrarias.

Como guinda a todo o exposto, cómpre salientar que a produción artesanal de augardentes e licores foi apartada e marginada completamente de calquera proceso de recoñecemento, como moi ben se pode ver na constitución do propio Consello Regulador da Denominación de Orixe de Orujo de Galicia, na que só están inscritas as industrias como elaboradoras e compradoras de bagazo.

Na nova Lei do Viño do Estado, o papel dos consellos reguladores vai quedar diluído entre o control da trazabilidade e a certificación en mans do mercado, ou sexa, outra vez os grandes intereses agroindustriais deslocalizadores certificaran os nosos viños nun contexto de presión desreguladora no que respecta a prácticas enolóxicas.

4. Interprofesionalidade pendente.

Un eixo central do Sindicato Labrego Galego, no respecta á defensa da economía vitivinícola labrega, foi a demanda constante dun marco de prezos da uva ou do viño que considere a totalidade do traballo na terra e na adega. Mais neste senso, a tónica sistemática foi a postura maioritaria da industria e dos almacenistas para non favorecer ningunha negociación de estabilidade de prezos,

mesmo considerando aspectos de calidade que beneficien ao conxunto do sector. Nesta tesitura, a situación vese agravada pola propia natureza perecedeira da uva e dos mostos, tendo en conta a esixente regulamentación sobre elaboración de viño que equipara ás industrias cos colleiteiros.

Nunha situación de clara desvantaxe no poder de negociación, a Xunta de Galiza non apoiou nunca á parte máis feble nos diferentes episodios de negociación de prezos que se deron. Para xustificar esta actitude, a Xunta amparouse na defensa da libre iniciativa dos mercados, cando resulta obvio que o sector vitivinícola está sometido a fortes restricións sobre elaboración, etiquetado, almacenaxe e transporte.

Ademais, máis do 70% da produción galega non esta amparada baixo denominación Viños de Calidade para Rexións Determinadas (VCPRD), polo que só ten a alternativa do xenérico "viño de mesa". Se o problema das denominacións de orixe é patente, a desprotección nas zonas de viño de mesa é aínda maior, como se pode comprobar na comarca de Monterrei, onde mesmo quedaron uvas sen vender nas vendimas por mor da mingua acelerada dos tradicionais circuitos informais de comercialización.

As experiencias dos contratos homologados no Ribeiro e Valdeorras demostraron que a única posibilidade de dotar de estabilidade e planificación ao sector pasa por incluír aspectos cualitativos de calidade para mellorar a presenza dos caldos nos mercados. As adegas con clara orientación de alto valor engadido no produto procuran ferramentas de estabilidade no subministro de materia prima cuns mínimos parámetros de calidade que poden ser determinados obxectivamente. Os intereses da industria e dos almacéns baten con calquera consideración de estabilidade nos prezos e na calidade se non hai un maior rigor no control na trazabilidade do viño.

A consecuencia de todo isto é a percepción -por parte dos viticultores, colleiteiros e consumidores- de que hai unha desvalorización do produto final e de que non hai, por tanto, motivación para reconvertir varietalmente e facer investimentos na adega. Cómpre non esquecer que parte do problema reside na propia actitude da distribución e da hostalería, onde os comportamentos faltos de calquera ética laminan as posibilidades do sector.

Unha interprofesional forte, como xa se está facendo noutros lugares do Estado, debe velar pola defensa de tódolos piares do sector -viticultores, colleiteiros, cooperativas e adegas- e incluír os seguintes aspectos:

- ✓ Obrigatoriedade de compra e venda baixo formas contractuais homologadas.
- ✓ Plena identificación e control de tódolos operadores do viño a granel e embotellado.
- ✓ Loita contra a publicidade enganosa e calquera práctica fraudulenta que induza confusión entre os consumidores.
- ✓ Definir a promoción e imaxe do sector.

5. A nova Lei Galega do Viño

O sector vitivinícola galego amosa dis-

paridades estruturais e xurídicas, como xa foi exposto, que establecen situacións de clara discriminación entre comarcas ao permitir, por unha banda, a convivencia de marcos estatutarios preconstitucionais e postautonómicos; e por outra, a xustaposición do anacrónico Estatuto da "Viña, Vino y alcoholes" coa obrigatorioidade das disposicións da OCM do viño do ano 1999.

Este galimatías lexislativo puido ser superado coa elaboración dun marco normativo propio, como xa hai noutras comunidades, e que ata o de agora a Consellería de Política Agroalimentaria negouse a abordar, despachando todo a base de decretos e ordes baseadas no burocratismo paspán de que todo vén condicionado de Bruxelas. Deste xeito, ata a aprobación da lei estatal do Estatuto do Viño que obrigaba na práctica un marco propio, non se comezou a deseñar unha lei galega.

A aprobación da Lei do Viño do Estado non considerou ningunha das particularidades galegas ao estar concibida desde o liberalismo agroindustrial e deslocalizador, que privatizará de facto o control da trazabilidade e abrirá a man nas prácticas enolóxicas para acrecentar as vantaxes de acumulación do capital monopolista trasnacional, coma ocorreu nos casos de García Carrión, Grupo Torres, Freixenet, etcétera.

Aínda que, inicialmente, houbo barullo no proceso de debate da nova lei, tamén houbo despois unha pasiva actitude desde a Consellería de Política Agroalimentaria de cara aos consellos reguladores e ás outras organizacións agrarias, sendo o Sindicato Labrego Galego o único que se opuxo a esta lei. As propostas tardías da Consellería de Política Agroalimentaria, unha vez aprobada a lei do Estado, non resoven ningunha das demandas do sector ao converter unha lei nun mero refrito de regulamentacións severas nos viñedos, e pasar con pés de manteiga pola vinificación e promoción. Ni que dicir ten que a demanda de interprofesional non está recollida en ningures, deixando as competencias sobre elaboración e comercialización na nova Lei do Estado.

De feito, a Consellería de Política Agroalimentaria proxecta eliminar as posibilidades de regular o sector ao incluír as competencias dos consellos reguladores e de calquera operador na futura Lei de Calidade Agroalimentaria de Galicia, que aumentará o burocratismo controlador e fará máis difícil a produción a nivel labrego e artesanal.

6. As nosas propostas no sector

■ Interprofesional

Constitución dun marco de diálogo interprofesional a través dunha mesa do viño incluída no futuro Consello Agrario Galego con presenza permanente e recoñecida das organizacións agrarias á marxe dos consellos reguladores e que

- ✓ borde os seguintes aspectos:
- ✓ Garantías na relación entre a produción e a industria en base a uns prezos mínimos.

- ✓ Observatorio do comportamento do sector.
- ✓ Participación no deseño das políticas vitivinícolas.
- ✓ Orientación da promoción integral do viño.

■ Lei do Viño Galega

Reabrir o proceso de negociación dunha Lei Integral do Viño de Galiza que recolla os seguintes elementos mínimos:

- ✓ Pleno recoñecemento da figura do colleiteiro, diferenciándoo da industria.
- ✓ Control público da trazabilidade total do viño en Galicia.
- ✓ Amparo de todas as zonas vitivinícolas baixo a denominación "Viños da Terra" ou Viños de Calidade para Rexións Determinadas (VCPRD).
- ✓ Creación dun Instituto Interprofesional do Viño.
- ✓ Amparo do sector da augardente.

■ Comercialización

- ✓ Obrigatoriedade de garantías contractuais na compra e venda de uva, mosto e viños, entre produtores e calquera operador autorizado.
- ✓ Identificación obrigatoria dos distintos operadores do sector, desde a produción ata a distribución.
- ✓ Apoio financeiro á subscrición de seguros de crédito e caución a colleiteiros e cooperativas.
- ✓ Apoio e asesoramento na exportación de viño.
- ✓ Fomento do asociacionismo e integración horizontal desde a produción á venda.

■ Rexistro Vitícola

- ✓ Reelaboración do Rexistro Vitícola, con cartografado de tódalas zonas de capacidade vitícolas para posterior recuperación a través da creación dunha reserva nacional de dereitos.
- ✓ Vinculación automática de Rexistro Vitícola e Catastro de Rústica.
- ✓ Defender o potencial vitícola ata o nivel de parroquia

■ Viveirismo

- ✓ Fomento do viveirismo multiplicador, con especial énfase nas castes autóctonas.
- ✓ Creación de bancos de xermoplasma en tódalas comarcas vitícolas.
- ✓ Elaboración dunha lista completa e definitiva de castes.

■ Incorporación de mozos e mozas

- ✓ Concentración parcelaria integral nas zonas de viñado.
- ✓ Banco público de terras amortizadas.
- ✓ Axudas completas á incorporación de mozos e mozas.

■ Augardente

- ✓ Recoñecemento do sector produtor artesanal.
- ✓ Axudas para a creación de instalacións artesanais.
- ✓ Fomento e promoción da augardente e da industria licoreira galega.

Vía Campesina segue a reivindicar o dereito á soberanía alimentaria

A organización á que pertence o SLG reivindica as súas demandas no Día Internacional da Loita Labrega

O Foro Social Mundial e o Internacional Labrego, celebrados en xaneiro en Mumbai (India), marcaron as estratexias e plans de acción dos movementos sociais de resistencia e loita contra o neoliberalismo en todo o

mundo. Na axenda de loita incluíuse o 17 de abril, Día Internacional da Loita Labrega, que propiciará accións e mobilizacións focalizadas ao redor de tres eixes fundamentais que se recollen no presente Fouce.

A primeira destas demandas consiste en esixir unha reforma agraria xenuína e rexeitar a política de terras do Banco Mundial.

En segundo lugar, esixir unha agricultura labrega sostíbel e condenar o control e a dominación das transnacionais, especialmente Nestlé e Monsanto.

Finalmente, tamén se pide definir unha política baseada na produción e o consumo doméstico e rexeitar o dumping (exportar por debaixo dos prezos de produción) e a liberalización de mercados impostos pola Organización Mundial do Comercio (OMC), o Acordo de Libre Comercio das Américas (ALCA), e outros acordos de libre comercio rexionais e bilaterais.

Demandas irrenunciáveis

Ademais, a Vía Campesina, movemento internacional no que está integrado o Sindicato Labrego Galego, defende unha serie de demandas



As organizacións integradas na Vía Campesina xestaron este 17 de abril no Foro Social Mundial

irrenunciáveis para garantir os dereitos labregos:

■ O dereito dos pobos á soberanía alimentaria, é dicir, a poder producir os alimentos que abastezan á súa poboación.

■ Manter e protexer as sementes como patrimonio de labregos e labregas, e dos

pobos indíxenas.

■ Prohibir o uso de transxénicos, as patentes e outras formas de propiedade sobre a vida.

■ Dar o pleno respecto e participación ás mulleres, aos pobos indíxenas, aos Dalit e outros grupos marginados e excluídos nas

nosas sociedades, así como tamén denunciar a nivel internacional a violación de dereitos humanos contra comunidades labregas e indíxenas.

■ Respetar e establecer de xeito legal a nivel internacional e nacional os Dereitos Labregos.

Prohiben a atrazina e a simazina nos fitosanitarios da Unión Europea

A Comisión Europea retirou a autorización para fabricar ou comercializar produtos sanitarios que conteñan como substancia activa atrazina ou simazina, por mor da súa perigosidade.

No Estado Español, a simazina víñase empregando en fitosanitarios utilizados en cultivos de froitas de pebida, cítricos, abelás e viñado; namentres que a atrazina estaba sendo usada, fundamentalmente, nos cultivos de millo.

Con esta nova normativa existirá un breve período de moratoria para dar saída ás actuais existencias de fitosanitarios fabricados con estes principios activos. Aínda así, dende o 16 de marzo quedaron prohibidas a concesión ou renovación de calquera autorización para este tipo de produtos, e a retirada das licencias actuais deberá ser efectiva antes do 10 de setembro de 2004.

Decisións coma esta demostran que a agricultura industrial, baseada no emprego de cantidades inxentes de insumos, e primando a cantidade fronte á calidade e seguridade alimentarias, ten cada vez menos credibilidade; e que as autoridades competentes teñen que ir admitindo o perigo que ten empregar determinadas substancias químicas para producir alimentos de consumo humano.

Alimentos infantís sen praguicidas

Nesta liña habería que interpretar a decisión do Consello de Ministros en funcións en España, que prohibiu, tamén en marzo, a utilización de certos praguicidas nos produtos destinados á elaboración de alimentos infantís a base de cereais, establecendo límites máximos para determinados residuos de praguicidas.

Deste xeito, o Estado Español adáptase a unha directiva comunitaria do ano 2003 que modifica a que existía dende 1996.

Científicos descubren unha contaminación masiva por OXMs en sementes de EEUU

Un informe elaborado por un grupo de científicos estadounidenses vén de confirmar os peores temores de moitas organizacións que, coma o Sindicato Labrego Galego, viñan denunciando o perigo dos trans-xénicos. A Union of Concerned Scientists (USC) realizou un estudo sobre a contaminación de ADN transxénico en sementes normais de millo, soia e colza.

As análises fixéronse en dous laboratorios independentes. Nun deles, detectouse ADN manipulado no 50% do millo, no 50% da

soia, e no 100% da colza; no segundo atoparon un 83% de sementes contaminadas nos tres cultivos.

Os niveis de contaminación oscilan entre o 0'05 e o 1%. Aínda que poida semellar unha insignificancia, unha contaminación do 1% en Estados Unidos suporía 6.250 toneladas métricas de sementes transxénicas sementadas en cultivos convencionais.

O informe advirte dos perigos desta contaminación cruzada: as sementes contaminadas aseguran que a contaminación se perpe-

tuará e agravará en vindeiras xeracións; amais de ameazar a existencia das reservas de sementes convencionais e poñer en perigo a agricultura ecolóxica.

Comezan a prohibir os transxénicos

Así as cousas, produciase no mes de marzo unha decisión sen precedentes nos Estados Unidos: o condado de Mendocino, en California, coñecido pola súa produción vitícola, prohibiu o cultivo de transxénicos.

Para levar a cabo a decisión, destruírán os cul-

tivos transxénicos ilegais e imporán fortes sancións aos labregos e labregas que os utilicen. Agora mesmo hai dous estados, Vermont e as Illas Hawai, que están estudando a adopción de medidas semellantes.

Estas prohibicións responden ás demandas das explotacións de viñado, que temen que a introducción de cultivos transxénicos na zona contaminen ao resto, polo que se verían prexudicados á hora de exportar os seus viños a Europa ou Xapón, onde existe unha forte oposición aos OXMs.

O SLG transmite ao Servizo Galego de Igualdade as demandas das labregas

No 8 de marzo reivindicouse unha sanidade que atenda as necesidades propias das traballadoras do agro

O mes de marzo prometía ser laborioso para a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego, e as expectativas non fallaron. Ademais da declaración institucional realizada no

Día Internacional da Muller Traballadora, celebrado o 8 de marzo, Isabel Villalba e Marisol García mantiveron un encontro coa directora xeral do Servizo Galego de Igualdade, Marta

González, no que lle transmitiron as principais demandas das mulleres labregas de Galiza. Seguridade Social, saúde, educación ou vivenda foron algúns dos temas tocados.

A responsábel da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego, Isabel Villalba, e Marisol García Freire, reuníronse, o pasado 16 de marzo, coa directora xeral do Servizo Galego de Igualdade, Marta González, para transmitirle diversas demandas relacionadas coa problemática de xénero existente no medio rural galego.

As representantes da Secretaría da Muller do SLG faláronlle a González da necesidade de fomentar axudas concretas directas e novas fórmulas xurídicas que posibiliten a cotitularidade nas explotacións agrarias nas que, a carón do titular masculino, traballe a muller.

A intención desta demanda é que ás mulleres labregas se lles recoñeza a súa participación paritaria en cuestión de dereitos, cotas, animais, e outros bens da explotación, en caso de viuvez ou separación.

Outra reivindicación neste eido foi a eliminación das trabas legais e normativas que actualmente impiden que as mulleres sexan titulares de explotacións de nova constitución ou herdadas dos seus proxenitores se o seu cónxuxe xa é titular doutra explotación.

Tamén se falou da necesidade de manter unha Seguridade Social Agraria accesíbel que permita ás mulleres dispor dunha cobertura sanitaria propia, percibir unha renda por xubilación, ou que recoñeza as enfermidades profesionais propias das mulleres labregas, así como o dereito a percibir baixas e o recoñecemento de incapacidades.

Neste senso, as representantes da Secretaría da



As representantes da Secretaría da Muller do SLG defenderon os dereitos das labregas

Muller do SLG, denunciaron ante Marta González que a reforma da Seguridade Social Agraria, aprobada recentemente, obrigará a moitas mulleres a deixar de ter cotización propia.

Outro dos temas que centraron o encontro foi a necesidade de crear servizos

sanitarios e infraestruturas para garantir unha boa asistencia ás mulleres labregas. Cómpre lembrar que en Galiza existe un alarmante incremento da mortalidade feminina por mor do cancro de útero que non ten correspondencia no resto do Estado; algo que contrasta coa

diminución de mortes causadas polo cancro de mama gracias á implantación de campañas de detección precoz.

Por outra banda, necesitáanse matronas nos centros rurais de saúde; políticas sanitarias efectivas no tratamento do embarazo, parto,

puerperio e aborto; ou atención axeitada ás persoas maiores e aos nenos, xa que a falta de infraestruturas dedicadas á atención destes colectivos incide aínda máis na precariedade e discriminación das mulleres, que son as que polo común, amais de traballar, teñen que responsabilizarse do seu coidado.

A directora xeral do Servizo Galego de Igualdade mostrouse receptiva durante o encontro, e comprometeuse a transmitir estas e outras demandas ás distintas administracións competentes. Tamén se ofreceu a continuar colaborando coa Secretaría da Muller do Sindicato Labrego no traballo de conseguir melloras para as labregas e mulleres que viven no medio rural, ademais de poñer a disposición da organización sindical o material e recursos dispoñíbeis da Consellería de Familia.

Riscos laborais específicos das labregas

Con motivo do Día Internacional da Muller, o Sindicato Labrego Galego denunciou que os riscos para a seguridade e a saúde específicos das mulleres labregas por mor do seu traballo estanse a pasar por alto por parte da Administración.

Esta é unha realidade que se dá en tódolos sectores laborais, tal e como demostra o último informe da Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo, que conclúe que o tradicional enfoque neutro para o xénero aplicado á prevención pode ter como consecuencia que se subestimen e descoiden os riscos reais para a saúde das mulleres.

No caso particular do sector agrario, a prevención de riscos laborais segue a ser unha materia pendente, sobre todo se a enfocamos dende o punto de vista do xénero. Así, as probas sobre a toxicidade dos fitosanitarios realízanse sobre mozos varóns, sen

ter en conta os posíbeis efectos que os pesticidas teñen sobre o sistema hormonal das mulleres, moito máis delicado que o dos homes.

Moitas destas substancias actúan como disruptores endócrinos, é dicir, alteran os ciclos hormonais naturais, provocando diversas enfermidades nas mulleres como diminución da fertilidade e proliferación de abortos, disfuncións de ovários, menarquía precoz, maior risco de cancro de ovários, útero e mama. Outras provocan danos nos fetos (substancias teratoxénicas), ou nos xenes (substancias mutaxénicas).

Segundo o informe da Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo, os riscos detectados no sector agrario para as mulleres son:

■ De carácter biolóxico: enfermidades infecciosas, como as transmitidas polos animais u orixinadas polo mofo, esporas ou lixo orgánico.

■ De carácter físico: traballo manual, posturas difíciles, equipo de traballo e roupa de protección inapropiada, calor, frío, humidade.

■ Por produtos químicos: exposición a pesticidas.

Para a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego, este baleiro existente na prevención dos riscos laborais para as mulleres labregas é unha proba máis da discriminación de xénero que aínda persiste na sociedade, en xeral, e no mundo do traballo, en particular. Tamén demostra a xordeira e lentitude irresponsábel das autoridades, que seguen sen facer nada diante desta problemática a pesares de que as evidencias deberían obrigá-las a unha actuación inmediata con campañas informativas e disposición de medios que teñan por fin minimizar e erradicar estas ameazas reais sobre a saúde das mulleres labregas.

Crónica

Festa de labregas en Lesta

Por Tareixa Ledo

O luns 8 de marzo celebramos no local social de Lesta a nosa festa, a festa das mulleres. Quixemos ser unhas máis entre os miles de mulleres que en moitos países do mundo enteiro celebramos o Día da Muller. E nós xuntámonos para dicir o que queremos, e dicírnolo unhas a outras. Xuntámonos para falar do que vivimos, do que buscamos, do que soñamos. Xuntámonos para dicir con voz ben alta que "aquí estamos as mulleres, aquí estamos as mulleres da aldea".



O local social de Lesta serviu de punto de encontro para ducias de labregas da bisbarra

crear mundos novos. E de todo iso houbo, nos grupos pequenos, e tamén na posta en común en asemblea na que compartimos experiencias importantes:

As mulleres melloramos a nosa vida ao mellorar as nosas casas e ao ter certos electrodomésticos como a lavadora. Pero todo iso tamén nos está supoñendo máis traballos: por exemplo, dedicarlle máis tempo á limpeza da casa, e créanos necesidades que non tiñamos e que son algo inútiles en ocasións.

Aprendemos a facer cousas novas que antes non se facían, como conducir o coche ou o tractor, ou tamén cociñar certos pratos diferentes, e impresionámonos ao ver a capacidade de traballo que temos as mulleres e o pouco valorado que é tantas veces.

Melloramos na forma de educar os nosos fillos e fillas, dándolles unha formación nun nivel máis igualitario, aunque isto está custando pola influencia contraria da sociedade, pola influencia dos da casa ou do home, e aínda tamén pola de moitas mulleres que non teñen esta conciencia nova, ou por nós mesmas que non nos atrevemos a dar certos pasos.

Tamén nos decatamos de que agora as mulleres nos formamos máis idea propia das cousas e estámonos atrevendo a dicilas. Hai uns anos, á muller que se atrevía a dicir ou a facer cousas novas e diferentes criticábana dicindo que non estaba "pisada do home". Aínda hai moitas mulleres "pisadas dos homes", ata tal punto que moitas situacións de maltrato as vemos case como normais.

Pero non queremos iso. Queremos respecto e igualdade de dereitos. Estamos aprendendo a dicir o que pensamos e tamén a denunciar as cousas que non nos parecen ben. Como mulleres, hoxe, somos máis conscientes dos nosos dereitos.

Gañamos en liberdade e algunhas dicían que moita desa liberdade vai dependendo tamén da decisión nosa: "As mulleres, se queremos, podemos. E segundo nós mesmas loitemos, iremos conseguindo as cousas."

Melloramos en valorarnos máis a nós mesmas no que somos e no que facemos. Por iso amañámonos e presumimos máis de nós. Imos aprendendo a ter máis autoestima, a estimarnos máis a nós mesmas. E aínda nos queda moito por camiñar nisto.

Chegamos a Lesta aí polas 11 da mañá. Había que deixar as cousas feitas na casa: o muxido, preparar aos nenos e ás nenas para a escola, e algunhas ata deixarlles o xantar feito para os que quedaban. Outras chegaron despois de comer porque "senón na casa non se amañan".

Maruxa, Sara e Herminia acolléronos no local social cun sorriso, boas palabras de benvida e un precioso ramiño de mimosas e buxo que María preparara a fin de semana na súa casa; María e Maruxa, a súa avoa, que ela tamén participou así na festa ¡Graciñas!

E así pasamos ás presentacións, dicindo o nome e parroquia de onde viñamos: Pilar, Xosefa, Maruxa, Consuelo, Rosa, Edita, Marisol, Neves, María, Claudina, Xulia, Andrea, Sara, Bea, Tareixa, Herminia, Fina, Dorinda... e así ata máis de trinta mulleres de distintas parroquias e concellos da comarca de Ordes: de Lesta, por suposto; de Beán e de Buscás; de Numide en Tordoia; de Trasmonte de Oroso; así como de Galegos, Añá e Santaia de Moar, no concello de Frades.

E tamén, coma nun xogo e para rir, e sobre todo para aprender a querernos e valorarnos e sentirnos guapas no que somos, tamén fomos dicindo en alto algunha parte do noso corpo que máis nos gustaba.

Todas aplaudimos a cada unha, e ¡ben que necesitamos ser aplaudidas as mulleres! ¡Ben que merece-

mos aplausos, pola nosa vida, polos nosos traballos, polo que somos!

Seguidamente, xuntámonos por grupos para reflexionar sobre os aspectos nos que as mulleres fomos cambiando para mellor nestes últimos anos. E compartimos tamén sobre as cousas que co-

mo mulleres fomos aprendendo e dando pasos. A comunicación nos grupos foi rica. ¡Como non! Tamén ricas son as nosas vidas. E ata, en casos, se chegou a falar de cousas íntimas, persoais. Necesitamos compartir moitas desas cousas para curar feridas, para impulsar novas enerxías, para animarnos e

“Falamos con voz de muller de aldea”

Tamén falamos do necesarios e bos que son estes encontros: temos ganas de vernos para falar, queremos seguir reuníndonos con máis mulleres e queremos seguir adiante. "Temos moito polo que loitar e moito que conseguir". Lidia Senra, a nosa Secretaria Xeral, chegada doutro acto de mulleres na Coruña, invitounos daquela a participar na Marcha Mundial das Mulleres que se vai celebrar en Vigo os días 22 e 23 de maio. Algunhas habemos de ir, que xa estamos organizando un autobús.

Falamos. Falamos con voz propia. Falamos con voz de muller. Falamos con voz de muller de aldea: voz realista, voz cálida, voz tímida por veces, voz de resistencia, voz forte e agarimosa a un tempo, voz de concordia e paciencia, voz que crea risas e bo humor, voz dialogante, voz cantora, voz de experiencia de séculos, voz de semente, voz de futuro.

E despois dos falares, os xantares. Un xantar compartido coa comida que trouxemos cada unha das nosas casas. Aproveitamos para saborear os nosos bos produtos do país: tortillas, chourizos, xamón, o

queixo riquísimo da Rosa, o finísimo biscoito da Fina, ou as rosquillas de festa da Consuelo.

E despois da *panza vén a danza*. Iso din, e nós tamén bailamos ao son do acordeón de María do Carme; e cantamos, fixemos xogos, gozamos, rimos xuntas. Xuntas e compañeiras. Ata pasadas as cinco da tarde. O traballo esperaba na casa. Ata a próxima, amigas.

Hoxe María segue impresionada polas vivencias íntimas que se compartiron nos grupos. Algunhas foron de moito machismo: "Ti sabes que iso existe e sabes que está aí. Hai xa moita distancia, moita diferenza do que eu vivín ao que contaron algunhas compañeiras. Pero vin que aínda moitas mulleres viven situacións de desprezo, falta de confianza, humillación; de non poder dicir. Impresionoume moito saber que iso está aí preto, que falamos con infinidade de mulleres ou que nos cruzamos con elas pola rúa que viven estas situacións.

E María segue impresionada polas mulleres que nos xuntamos, polo ambiente de animación, porque rimos e rimos con ganas.

Cita coas novidades no sector da agricultura ecolóxica en Fira Natura

Persoas afiliadas ao SLG visitaron o evento e aproveitaron para coñecer explotacións labregas da zona

Con motivo da sexta edición da Fira Natura, celebrada en Lleida do 5 ao 7 de marzo, un grupo de afiliados e afiliadas do SLG desprazáronse ata a cidade catalana para visitar a feira e, de paso, achegarse a un par de explotacións de horta ecolóxica. Deste xeito, non só puideron poñerse ao día das novidades no sector da agricultura ecolóxica, senón que, ademais, tiveron oportunidade de ver sobre o terreo dous xeitos de entendela: a simple produción, e as posibilidades de traballar a transformación e comercialización dende unha explotación familiar.

Os dous produtores visitantes expresaron aos visitantes do Sindicato Labrego Galego a súa confianza na bondade e nos beneficios económicos da produción ecolóxica; confianza avalada polo seu compromiso con esta maneira de producir, pola magnitude dos seus proxectos, e pola contía dos investimentos. Ámbolos dous centran a produción en hortalizas, pois danse ben nas súas terras -calcarías e alcalinas, cun pH de 7,5 a 8,4 e cor parda- e gozan dunha alta demanda nos mercados locais e en Barcelona, a uns 160 quilómetros de distancia.

Carles Teulé leva seis anos dedicándose á agricultura ecolóxica, e cultiva as súas seis 6 hectáreas en varias parcelas, algunhas alugadas e a seis quilómetros unhas das outras. Carles combina a agricultura ao ar libre coa agricultura baixo cuberta, e cultiva espinacas, tomates e pementos de diversas variedades, berenxenas, cogombros, nabos, repolos, brócolis, alcachofas, cebolas de Amposta e de Figueres, e allos. Teulé comercializa os seus produtos nunha tenda propia na localidade de Mollerussa, a uns 25 quilómetros de Lleida.

A preparación das terras realízase entre novembro e febreiro, meses nos que non hai cultivos. A tempada de cultivo e comercialización en fresco dura de febreiro a marzo, ata outubro. Os meses de máis frío nestas terras, que están a uns 400 metros de altitude, dedícaa ao mantemento da maquinaria e dos sistemas de regadío, que son indispensábeis. A xestión da auga de rego lévase a cabo a través dunha asociación de labregos e labregas que conta con máis de 120 anos de historia.

A maquinaria representa unha inversión importante para Teulé. Algunhas pezas foron do seu avó, outras mercounas usadas, e as demais foron deseñadas por

el mesmo e fabricadas por un ferreiro veciño. Este mozo labrego non dubida á hora de cambiar os deseños de fábrica para facer adaptacións que lle dean maior comodidade e eficiencia. Di que o traballo non ten que romper as costas, senón que debe ser "cómodo e atractivo".

A outra explotación visitada foi a de Manuel Valls i Sanfeliu, un labrego que leva tres décadas, xunto á súa familia, como produtor e comercializador de hortalizas frescas e que, posteriormente, deu o paso para elaborar, envasar, e co-

mercializar o que produce baixo a marca Cal Valls. Valls produce segundo as normas de agricultura ecolóxica que establece o Consell Català de la Producció Agraria Ecolóxica. Amais disto, as fincas de Valls están certificadas co selo alemán Demeter por cumprir os criterios da agricultura biodinámica de Rudolf Steiner, método fundamentado na integración harmoniosa entre o solo, as plantas e a vida dos animais, e que evita o uso de produtos químicos que poidan destruír a terra, que se considera como un elemento vivo.

tamén exportan a outros países. Cal Valls ten tenda propia en Barcelona.

Durante o tempo en que Valls se dedicou exclusivamente a envasar, cultivaba sobre todo tomates, patacas, cebolas e cereais. Agora ten unha produción máis variada que vai desde alcachofas a coles de Bruxelas, ata col rizada de Milán, coliflor, col lombarda, brócoli, cabaciño e varias clases de nabos.

Valls apañou o ano pasado uns 100.000 quilos de cebola, e a súa produción de tomate andou entre as 600 e as 700.000 toneladas. Tamén produce o tomiño, romeo, perexil, ourego, e outras herbas que usa para condimentar as súas conservas, que inclúen olivas producidas localmente.

Os dous fillos de Manuel traballan tamén na explotación de Cal Valls. Un deles é enxeñeiro agroalimentario e está a cargo da produción de conservas; o outro é economista e corre coas compras, vendas e traballo de oficina. Manuel tamén ten unha filla de 25 anos que está estudando enxeñaría agrónoma na especialidade de hortofruticultura coa intención de incorporarse á empresa familiar.



Fira Natura tamén contou con expositores que amosaron as súas mercadorías ou servicios de bioconstrución: arquitectura bioclimática, materiais, sistemas de calefacción, enerxías alternativas, pinturas e vernices ecolóxicos, depuración de augas; ou xestión medioambiental: compostaxe, xestión de residuos, purificación de ar e auga).

A maiores, tamén houbo expositores de calzados e téxtiles, libros e música, saúde e hixiene, amais de representacións de organizacións non gobernamentais, entre as que se incluíron a Asociación Vida Sana, que apoia a cultura e o desenvolvemento ecolóxicos; ata organizacións ecologistas coma Greenpeace.





Congreso do Viño

Monforte de Lemos
17 de abril de 2004

Sindicato Labrego Galego

Prestación económica por fillo menor ao cargo

Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se regula a prestación económica de pagamento único por fillo menor ao cargo.

Serán beneficiarias desta axuda as persoas que teñan ao seu cargo fillos menores de tres anos a data de 31 de decembro de 2003 e que, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2002, nin elas nin ningún dos membros da unidade familiar estivesen na obriga de presentar a declaración do imposto

sobre a renda das persoas físicas deste período.

A prestación consistirá nun pagamento único por cada fillo menor que o solicitante teña ó seu cargo que ascenderá a unha contía total de 300 euros por cada un dos fillos menores que os beneficiarios teñan ó seu cargo.

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais, contado a partir da publicación da orde. Máis información en calquera oficina do SLG.

Segue aberta a campaña de regularización dos viñedos

Despois de moitos anos, a Consellería de Política Agroalimentaria respondeu ás nosas demandas para que por fin poidamos anotar aquelas viñas que están sen rexistrar por motivo da emigración, problemas de partixas, prezos baixos da uva, ou porque non se puideron traballar sen máis. Para que recoñezan o teu dereito a producir debes anotar os teus viñedos no Rexistro Vitícola Comunitario.

Se tes algún viñado irregular que plantaches antes de setembro de 1998, ou non che aparece algunha viña no Rexistro que producía antes de 1986, a Consellería de Política Agroalimentaria deu de prazo ata o 30 de abril para regularizar as primeiras, e un tempo ilimitado para poder anotar no Rexistro as segundas.

No Sindicato Labrego Galego temos técnicos e técnicas especializados que poderán asesorarte para anotar e regu-

larizar os teus viñedos. Este proceso é importante, pois é necesario que as viñas estean anotadas para poder percibir axudas, vender uva, ou transmitir dereitos.

Axudas á reestruturación do viñado

Ata o ano 2006 están abertas as axudas para reestruturar viñedos. Dende o Sindicato Labrego Galego podemos tramitar a túa solicitude a través do colectivo Labregos Galegos, para toda Galiza.

As axudas poden cubrir dende a colocación de postes novos, ata plantacións completas con muros incluídos.

Os importes destas axudas van dende os 6.000 euros ata os 25.000 euros por hectárea, dependendo do tipo de plantación. O prazo de presentación das axudas para este ano 2004 remata o 30 de xuño.

Axudas para o sector forestal

Orde do 24 de marzo de 2004 de fomento da silvicultura e da ordenación de montes arborizados e orde do 11 de marzo de 2004 pola que se establecen axudas para a prevención e a defensa contra os incendios forestais en montes de man común. Ambas axudas terán de prazo corenta días naturais contados a partir da súa publicación no Diario Oficial de Galiza. Se desexan máis información, poden consultar en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Axudas a establecementos de turismo rural

Orde do 24 de febreiro de 2004 pola que se convocan subvencións para a reforma, adaptación e mellora de establecementos de turismo rural para o ano 2004.

Estas axudas poderanse solicitar para a adaptación e reforma das instalacións e servizos dos establecementos de turismo rural abertos con anterioridade á entrada en vigor da orde da Consellería da presidencia do 2 de xaneiro de 1995 pola que se establece a ordenación dos establecementos de turismo rural. As persoas que se beneficien delas terán que comprometerse a man-

ter a actividade durante un período mínimo de quince anos, ofertar os seus servizos a prezos semellantes aos que se ofertan no mercado, e manter aberto o establecemento un mínimo de once meses ao ano.

Estas subvencións poderán acadar ata un máximo do 30% dos investimentos realizados -o 35% se consisten en habilitar comedores- e poderán solicitarse nos corenta días naturais que discorran trala publicación da orde no Diario Oficial de Galiza. Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Subvencións destinadas a paliar os danos producidos polos ataques do lobo

Poderán beneficiarse destas axudas propietarios de reses saneadas das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando haberá de estar identificado.

Serán actuacións subvencionables os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2004.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 9 de novembro de 2004.

As solicitudes deberán formalizarse no prazo máximo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da produción do ataque do lobo, agás naqueles supostos nos que o dano se tivese producido entre o 1 de xaneiro e a data da publicación desta orde no DOG, nos que o devandito prazo se contará a partir do día seguinte ó da referida publicación.

Axudas á promoción, comercialización e mellora da calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios

Orde do 8 de marzo de 2004 pola que se regulan as axudas á promoción, comercialización e mellora da calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos e se convocan para o ano 2004.

Poderán beneficiarse destas axudas os consellos reguladores dos produtos agroalimentarios galegos con indicativo de calidade, as asociacións sen fins de lucro de produtores e de empresas agrarias e agroalimentarias.

As actividades que poden ser subvencionables serán a promoción; feiras e cer-

tames comerciais; e realización de estudos, xornadas técnicas, seminarios e congresos.

Puntuarán na concesión das axudas baremos como a incidencia potencial da acción na mellora da calidade dos produtos, ou a relación entre o custe e o beneficio da acción.

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días hábiles a partir da publicación da orde no Diario Oficial de Galiza. Para máis información, consulten en calquera oficina do SLG.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais por enfermidade e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes da Consellería de Política Agroalimentaria veñen de regular as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas polo lucro cesante, motivado pola inactividade producida ao decretar a obrigatoriedade do baleiro sanitario pola presenza de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponxiformes bovinas.

A contía destas axudas variará, nun caso dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sanitario, será en función dos datos produtivos declarados oficialmente.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004. As persoas interesadas en recibir información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Prima especial de vacún e por sacrificio de gando

■ As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.

■ As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro dos catro meses seguintes á data do sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos:

-Do 1 ao 31 de marzo de 2004.

-Do 1 ao 30 de xuño de 2004.

-Do 1 ao 30 de setembro de 2004.

-Do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese

tanque de 640 litros.
Teléfono 982 177 878

Véndese

dúas xovencas de raza Frisona, con carta.
Teléfono 982 788 210

Véndese

bolos de herba seca, en Santa Cristina, Cospeito (Lugo).
Teléfono 982 177 104

Véndese

bolos de herba seca de boa calidade, da Pastoriza (Lugo).
Teléfono 982 164 477

Véndese

herba seca en bolos e pacas.
Teléfono 981 691 881. Chamar ao mediodía ou pola noite, e preguntar por Álvaro.

Véndese

tractor FERRARI de 42 CV, con 1.500 horas de uso, dobre tracción, articulado e con apeiros.
Segadora BCS, en moi bo estado.
Teléfono 981 788 423

Véndese

segadora BERTOLINI, seminova.
Preguntar por Lourenzo no teléfono 982 179 383.

Véndese

tanque de frío de 300 litros.
Teléfonos 986 681 671

Véndese

circuíto de muxido seminovo de tres puntos MANUS
Silo para penso de 4.000 quilos, dividido.
Teléfono 651 906 202

Véndese

tractor PASCUALINI 463, rixido.
Arado, fresadora 140, remolque con volteo hidráulico.
Maquinaria de plantar patacas
Maquinaria de arrincar patacas
Teléfonos 981 630 578 ou 669 442 067. Preguntar por Pepe ou Claudina.

Véndese

autocargador de dobre eixo con freo hidráulico, espaxecedor, e trinta coitelas (matriculado, documentación, e ITV pasada).
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 787 802

Véndese

tanque de leite de 400 litros, marca INGEFRISA.
Teléfono 982 179 495

Véndese

tanque de frío de 600 litros.
Chamar ao 986 689 726.

Véndese

autocargador CAMPEVA de 18 metros cúbicos.
Teléfono 982 162 844.

Véndese

viño Mencía e Godello da zona de Monterrei (Verín).
Preguntar por Máximo nos teléfonos 651 488 915 e 626 677 850.

Véndese

bañeira de 900 litros e circuíto de tres puntos. En Guitiriz (Lugo).
Chamar ao 982 163 954.

Véndese

cisterna galvanizada 3.000 con depresor de 5.000.
Fresadora AGRI seminova de 1'70
Segadora BERTOLINI 1.250, seminova
Preguntar por Xosé Luis no teléfono 626 315 059

Véndese

tuias en maceta (50-60 centímetros) de raíz espida.
Leilandy de 2 metros.
Buxos de 50-60 centímetros.
Preguntar por María Xosé no 981 793 890

Véndese

comedeiro para xatos de instalar no campo.
Preguntar por Olga no teléfono 982 179 685.

Véndese

Rebadera de cable (limpeza).
Desensiladora VICON.
Segadora BERTOLINI 124
Unific, carro mesturador SECO de 11m³
2 tolvas penso 9.000 quilos
Remolque artesán 3 x 2'70 m
Remolque con descarga por cadeas de arrastre de 13 m³
Cisterna de 8.000 lts. CARRUXO
Xovencas selectas.
Chamar ao tlf. 650 426790

Mércase

parafuso sen fin, seis metros de lonxitude e 110 mm de diámetro, motor monofásico ou trifásico.
Teléfono 982 151 639, preguntar por Xosé Alba

Mércase

invernadoiro pequeno entre 40 e 50 metros cadrados.
Preguntar por Sara Vázquez no teléfono 981 663 945

Mércase

rotoenvoladora.
Preguntar por Antonio no teléfono 981 669 230

OUTROS

Búscase

traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgás (Ourense).
Máis información nos teléfonos 988 430 146 e 686 304 617

COMPRAS

Mércase

poldro para vacas.
Teléfono 982 164 045





Carme Porca Vidal, responsábel da Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego

Carme leva, xunto ao seu home, dúas décadas á fronte dunha explotación de leite na parroquia de Viñas, en Irixoa. Das dúas vacas de carne coas que comezaron, pasaron ao medio cento cento que teñen agora. Membro da Executiva do Sindicato Labrego e, dende hai unhas semanas, responsábel da Directiva do Leite, Carme recibíunos en pleno labor de ensilado, e nun intre no que o leite galego se atopa diante dun incerto futuro con novas normas que pesan na súa contra e dun cambio de goberno que aínda descoñecemos como nos afectará. Con ela falamos diso, e moito máis.

“Galiza non pode asumir un control da cota láctea tan drástico e traumático”

■ Neste mes de marzo, ano-va Executiva do SLG cumpriu o seu primeiro ano de vida. ¿Que balance farías destes doce meses?

Coñezo algo de vacas. Do SLG tamén coñecía algo, pero entrar na Executiva supuxo toda unha novidade, pois agora podo ver como se toman as decisións e como se fan as cousas.

Paréceme moi positivo que se integre á afiliación nos órganos de dirección. Aquí podes comprobar que o mundo non vai tan rápido como a unha lle parece; e ves que o sindicato, ás veces, non pode facer todo aquilo que unha ve que sería necesario.

Estamos afeitos a esixir solucións inmediatas, pero o mundo vira a outro ritmo. O mesmo acontece co funcionamento das institucións ou os resultados das nosas demandas. Todo require o seu tempo.

■ Os novos decretos sobre o sector lácteo van ser todo un reto para a nova Dirección do Leite. ¿Como pensa que afectarán estes trocos ás explotacións?

Eu penso que calquera cambio non consensuado é terriblemente negativo. Estannos a impoñer leis dende arriba que non se sabe a onde van, nin que resultado se agarda delas.

Paréceme moi ben lograr a trazabilidade dun produto, que a cidadanía poida saber de onde vén e en que condicións está. Pero coas novas normas, temo que todo isto poida perderse ao chegar á central leiteira, e que os consumidores acaben tendo a mesma información que tiveron ata o de agora.

Daquela, a nova normativa corre o risco de ser só unha mera vía para aumentar o control de cotas: un control sumamente estrito e que Galiza, polas condicións que ten, non pode asumir dun xeito tan drástico, xa que pode resultar traumático para o sector e provocar a desaparición de



Carme confía en que a situación que padece o sector lácteo sirva de revulsivo para a mobilización

moitas máis explotacións.

■ ¿Como vai afectar no día a día a nova normativa?

Se isto se leva a cabo, pode estoupar unha bomba: a do

leite comprimido. As empresas están a comercializar leite fóra de cota como comprimido, un produto que lles é necesario vender a

moitas explotacións para poder sobrevivir.

Fómonos adaptando ao que nos esixían: sendo produtores e profesionais do

sector, vendendo leite e ofrecéndoo ao mercado nas condicións que nos esixiron, que son comparables ás do resto da Unión Europea.

Pero, pola contra, o prezo do leite baixa. Daquela, ¿que fas?. Aumentas a produción para tentar conservar os mesmos beneficios. Pero, para lograr os mesmos ingresos sen aumentar a base territorial da túa explotación, tes que mercar pensos para alimentar ás vacas, aumentando a dependencia do exterior.

Isto estanos a levar a unha calella sen saída, pois canta máis produción tes, máis hai que aumentar os investimentos, co cal tes aínda máis débedas que che obrigan a producir aínda máis para facerlles fronte. É como a pescadiña que morde a cola, e pode significar o final para moitas explotacións.

“Sen loita, non conseguiremos nada”

■ ¿Como pensa que pode reaccionar o sector diante desta situación?

Existe a idea xeral de que que o sector está moi apagado e que acepta o que lle veña. Semella que o espírito de loita que había hai quince anos xa non existe. Fóronnos dando paos, e agora advírtese unha submisión diante de todo.

De todos xeitos, creo que o tema da letra Q e o decreto da taxa láctea están a dar novos azos para que rexurda outra vez ese ánimo de antano. A xente vai preguntarse que facer diante desta situación e non se vai conformar con gañar moito menos tendo que facerlle fronte aos créditos. Se non loitamos, non conseguiremos nada. Aceptei o meu cargo como responsábel da Dirección do Leite porque teño confianza en que a xente loite.

■ O prezo do leite é a espada de Damocles do sector. ¿Como anda por esta zona?

Varía moitísimo. Pode ir desde os 23 ata os 31 céntimos, dependendo de cota e da cantidade de cada explotación. Estas oscilacións provocan unha sensación de inseguridade total.

E aínda é peor co leite que se vende fóra de cota, xa que as empresas se aproveitan da situación e impoñen

baixadas de ata oito pesetas.

■ A nivel xeral, a industria está ameazando cunha nova baixada de prezos. ¿Pensa que lle afectará as explotacións?

Eu penso que vai afectar moitísimo. Cómpre pensar que os concentrados para alimentación animal subiron ao redor de dous ou tres céntimos por quilo.

Por outra banda, as empresas non baixan o leite de cara á cidadanía. Eu véxoo moi negro. Coa aplicación do real decreto e a suba dos concentrados haberá perdas millonarias.

■ ¿Pensa que o cambio de goberno en Madrid pode resultar beneficioso para o sector?

Agardemos que si. Espero que con diálogo se solucionen as cousas. Dende logo, coa intolerancia e as leis promulgadas a dedo, como se fixo ata o de agora, as cousas non poden ir ben. De todos xeitos, non creo moito no novo Goberno, pois eles foron os que nos meteron en Bruxelas e aceptaron unha cota láctea manifestamente insuficiente.

■ De todos xeitos, de pouco pode servir o que se faga dende Madrid sen unha política agraria en Galiza.

Por parte da Xunta, eu non vexo de-

fensa dos nosos intereses por ningures. Sería imprescindible, por exemplo, unha lei de ordenación do territorio onde se definisen claramente as zonas que son agrarias e as que non o son.

■ Semella que hai un desprezo de cara á importancia do sector primario e da agricultura.

Poida, pero cómpre ter en conta que nós non somos só os produtores de leite; tamén viven do sector os transportistas, os vendedores de medicinas e pensos, etcétera. Parece que non somos conscientes de que, cando pecha unha explotación, morren encadeados a ela moitos sectores e xentes.

Ata o de agora xeramos riqueza. Houbo moitas familias que tiraron o sustento do leite, que criaron aos seus fillos e conseguiron manter unha serie de costumes e hábitos familiares de enraizamento que penso transmitir ás miñas fillas, pois paréceme algo imprescindible. Non creo que se viva mellor nun piso dunha grande cidade.

Vivimos no medio rural, pero non queremos ser burros mallados. Queremos vivir con dignidade ante todo; a xente ten que poder vivir dignamente do seu traballo.